

**SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL
PRIMARIA E OUTROS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE FERROL**

PROTOCOLO DE LIMPEZA DE COMEDORES ESCOLARES

CURSO 2021 - 2022

De acordo co Prego de Condicóns que no seu día serviu de base para a adxudicación a CLECE S.A. do “Servizo de Limpeza dos Colexios de E.I. P. e outros edificios e dependencias municipais do Ayto. de Ferrol”, os traballos para realizar nos locais habilitados como COMEDORES ESCOLARES, daqueles Colexios dependentes do Concello de Ferrol, nos cales CLECE S.A. realiza o servizo de limpeza, serían os seguintes:

Colexios Públlicos de Ensino Primario

Traballo de Execución Diaria.

Os traballos de execución diaria, comprenderá con carácter xeral, a realización das actividades seguintes:

- Varrido de chans en vestíbulos, corredores, aulas, despachos, escaleiras e en xeral, todas as dependencias.
- Limpeza de manchas en cristais de xanelas, portas, biombos, e similares.
- Limpeza integral de aseos (sanitarios, chans, paredes, etc.), incluíndo desinfección.
- Limpeza de mobiliario, como portas, armarios, mesas, cadeiras, lousas, radiadores, marcos de cadros e similares.
- Fregado de manchas en pupitres, mesas, e cadeiras.
- Aspirado de po de alfombras, moquetas e similares.
- Fregado de chans en aulas, despachos, vestíbulos, corredores, escaleiras, e outros accesos que así o requiran.
- Baleirado e limpeza de papeleiras situadas nos edificios.
- Retirada de residuos do interior dos edificios, beirarrúas e soportais.
- Limpeza de metais, cromados e dourados que o precisen.
- Reposición de xabón, incluíndo o de aparellos dosificadores, papel hixiénico, etc.

Queda excluído da limpeza para realizar polo persoal de CLECE, o mobiliario e aveños que sexan utilizados polo persoal do servizo de cátering no proceso diario de repartición e organización das comidas (isto é: encimeras, alacenas, electrodomésticos, útiles de cociña, e similares.) elementos estes, que deberán ser limpados en todo caso polo persoal da empresa de cátering.

O procedemento para a limpeza dos locais que se habilitaron en cada Centro Escolar como Comedor, é o mesmo en todos e cada un deles, e é basicamente o seguinte:

- Eliminación Previa mediante pano seco, ou ben humedecida en auga, dos restos de comida, envoltorios, etc. que poidan quedar en mesas, cadeiras, vertedoiros, piletas, encimeras etc. que existan no local.
- Fregado de mesas , cadeiras , vertedoiros, piletas, encimeras, etc con pano impregnado en Solución de Produto Desinfectante LIXIVIA EN DILUCIÓN 1:50
- Aclarado e secado de mesas, cadeiras, vertedoiros, piletas, encimeras, etc.
- Baleirado e substitución da Bolsa do Contedor de Lixo.
- Reposición de Papel Secamanos e Xabón Líquido en caso de necesidade.
- Varrido de chans.
- Fregado de chans con Solución de Produto Desinfectante LIXIVIA EN DILUCIÓN 1:50

A disolución dos produtos son as especificadas nas follas técnicas de cada un deles.

A Limpeza é efectuada polo persoal de CLECE con frecuencia diaria e dentro do horario de limpeza estipulado para cada un dos Colexios de E.I. P. dependentes do Concello de Ferrol.

En Ferrol, a 30 de Agosto de 2021



Fdo. José Ignacio Vázquez Montenegro

Encargado Xeral do "SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL PRIMARIA E OUTROS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE FERROL."